infórmate A FONDO

Número 128
Setembro-Outubro 2012

fondo galego de cooperación e solidariedade

www.fondogalego.org

Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa

fondo galego 15 anos de cooperación e solidariedade

O Fondo Galego celebra 15 anos de compromiso local coa solidariedade internacional

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade celebra 15 anos de traballo cun gran evento o 30 de novembro en Santiago de Compostela, que estará conducido pola actriz Mariana Carballal. A programación ábrese pola mañá coas VII Xornadas de Cooperación no edificio Cersia, situado en San Lázaro. Expertas e expertos de Galicia e internacionais compartirán mesa para analizar a cooperación municipalista no mundo e debater sobre a situación do sistema galego de cooperación diante da crise.

Entregaranse ademais os premios do concurso fotográfico 'Imaxes con Fondo' e presentarase o documental sobre o Fondo Galego elaborado por voluntariado da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso). Durante o evento, os contos da Tropa de Trapo e outras sorpresas serán parte da celebración. A gala, con entrada libre, culminará as actividades conmemorativas que arrincaron en xaneiro coa publicación do libro '15 anos de andaina, a rede solidaria do municipalismo galego'.

Ata o mes de decembro, máis de 40 Concellos socios acollerán ademais contacontos, charlas, cine ou exposicións, aínda que o groso das actividades concentráronse no mes de outubro, arredor do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza. Once municipios albergaron exposicións de ONG para o desenvolvemento, unha axenda coa que o Fondo se sumou á celebración mundial e ás actividades que a Coordinadora Galega de ONGD organizou durante todo o mes.

O Fondo Galego celebrará así, o 30 de novembro, 15 anos de compromiso dos Concellos e as Deputacións de Galicia coa tradición mundial, institucional e cidadá, da cultura de Dereitos Humanos universais.

Nestes 15 anos, o Fondo Galego desenvolveu numerosas actividades de sensibilización e proxectos de cooperación.

O Fondo Galego cofinancia proxectos propios e de ONGD en Nicaragua, Honduras, Cuba e India

A Asemblea xeral de socios aprobou en setembro a resolución da convocatoria de proxectos de 2012, que inclúe tanto as propostas presentadas por ONGD como as actuacións de cooperación directa do Fondo Galego.

Entre as primeiras, cofinanciarase con 16.983 euros unha intervención para reducir a incidencia de doenzas coma o mal de Chagas en Nicaragua, presentada por Taller de Solidaridad co Instituto de Promoción Humana (Inprhu-Somoto) como parceiro. O obxectivo é mellorar a calidade de vida da poboación indíxena construíndo as vivendas e impartindo formacións en autoconstrución, hixiene ou agricultura biolóxica.

A ONGD Implicadas no Desenvolvemento, pola súa banda, obtivo 8.495 euros para promover a participación social e política das mulleres na India, favorecendo así a equidade de xénero. Co respaldo do seu socio local PDI, empregarase a metodoloxía dos grupos de aforro e outras actividades para traballar a autoestima e empoderamento de 1.500 mulleres.

O Fondo Galego asinou coas ONGD os convenios para levar a cabo os proxectos de cooperación indirecta.

Ao tempo, Enxeñería sen Fronteiras recibirá 18.202 euros para mellorar as capacidades de xestión dos recursos hídricos do persoal técnico da Municipalidade de Marcovia, en Honduras. Elaborarase un plan de xestión da auga e capacitarase nas ferramentas informáticas necesarias para elaborar o documento, contribuíndo así ao fortalecemento institucional.

Tamén o proxecto de Amigos da Terra no Golfo de Fonseca será subvencionado con 20.000 euros, concretamente para apoiar a xestión ambiental de dúas áreas protexidas no sector de Nicaragua. Actores e gobernos locais participan deste desenvolvemento sostible que precisa de actividades formativas e de sensibilización.

En canto á cooperación directa, o Fondo Galego volverá traballar co Inprhu para mellorar as condicións de habitabilidade e salubridade en Totogalpa, no Departamento de Madriz, coa construción de dez vivendas para familias chorotegas e diversas accións formativas. A través da entidade municipalista, da que é socio, o Concello de Vigo achega 53.661 euros a este proxecto, aos que se suman outros 1.000 euros do fondo común.

O Concello de Vigo achegará ademais 16.000 euros á rehabilitación dunha escola en Santiago de Cuba, outra iniciativa de cooperación directa do Fondo Galego, que pon 2.000 euros máis. A Oficina do Conservador da cidade é o parceiro deste proxecto e mais doutro presentado por Asemblea de Cooperación pola Paz para mellorar a habitabilidade na zona, aínda que o cofinanciamento desta proposta queda supeditado ao correcto desenvolvemento da intervención anterior na escola e as condicións económicas que presente 2013.

O Fondo Galego comparte en Alemaña a súa experiencia de cooperación con Nicaragua

O Fondo Galego vén de compartir o seu expertise sobre cooperación municipalista en Nicaragua durante o encontro organizado na cidade xermana de Wuppertal por Fine+p, ONGD parceira do proxecto europeo 'Redes para o desenvolvemento', onde a entidade galega asesora a Portugal e Alemaña na promoción das súas redes de cooperación descentralizada. O secretario do Fondo, Daniel González, expuxo as experiencias e os retos actuais da cooperación cos actores locais na rexión de Somoto, onde a asociación vén traballando desde hai unha década.

O Fondo Galego compartiu a súa experiencia con alcaldías alemás.

A presentación do Igadi resumiu as liñas de traballo do Fondo Galego de Cooperación e os principais resultados atinxidos, para centrarse logo no labor desenvolvido no país centroamericano, especialmente en parcería co Instituto de Promoción Humana (Inprhu-Somoto), e rematar defendendo a intervención do poder local en asuntos internacionais. O relatorio encadrábase nunha mesa redonda na que participaron autoridades locais alemás irmandadas con municipalidades nicaraguanas.

Encontro histórico de Vacacións con Traballo e viaxes ao Sur

A Illa de San Simón acolleu o 14 de setembro un encontro histórico ao que foron convidados os 20 técnicos e técnicas municipais que ao longo de seis edicións do programa Vacacións con Traballo colaboraron cos parceiros do Fondo Galego en países do Sur. Catorce persoas participaron finalmente no grupo de discusión, que se estruturou nunha primeira parte centrada nas experiencias en terreo e unha segunda sobre a cooperación municipalista, que foron gravadas en vídeo. De xeito individual, o voluntariado tamén se enfrontou a entrevistas rápidas ante a cámara. Con estas gravacións editaranse unha serie de pezas audiovisuais tanto para conmemorar o 15º aniversario do Fondo Galego como para promover próximas edicións do programa.

O voluntariado de Vacacións con Traballo participou nun grupo de debate.

Doutra banda, tres das participantes de Vacacións con Traballo 2012 veñen de regresar da súa estadía no Sur. Cristina Vázquez, arquitecta do Concello de Soutomaior colaborou coa Cámara de Ribeira Grande na elaboración dos plans de desenvolvemento urbano dos núcleos do municipio caboverdiano. As súas vivencias compartiunas no blog vacacionscontraballocv.blogspot.es.

Lucía González, técnica da Concellería de Termalismo de Ourense, apoiou o proxecto de desenvolvemento turístico impulsado polo Inprhu-Somoto, para o que houbo de integrarase en actividades coma a formación de guías, o ecoalbergue, as feiras artesanais ou as noites culturais. Tivo ademais ocasión de supervisar os últimos proxectos de habitabilidade para a poboación indíxena cofinanciados polo Fondo Galego de Cooperación, como conta na súa bitácora luciagonal.blogspot.es.

Cristina Santos, traballadora da Concellería de Servizos Sociais de Malpica, incorporouse en Cabo Verde ao gabinete de apoio á muller da Cámara de Paúl, que se encadra no plan municipal para a igualdade e a equidade de xénero elaborado co apoio do Fondo Galego. A moza estivo visitando tamén outras actuacións cofinanciadas pola entidade e relata a súa experiencia en amiradavioleta.blogspot.com.es.

Cristina Vázquez, Lucía González e Cristina Santos viviron en outubro unhas Vacacións con Traballo.

Gabriel Tizón, Carlos Puga e Sonia Daponte xulgarán as fotografías do concurso 'Imaxes con Fondo'

O xurado do concurso 'Imaxes con Fondo' contará cos destacados fotógrafos Gabriel Tizón, Carlos Puga e Sonia Daponte. A premiada escritora Rexina Vega forma tamén parte do equipo avaliador canda a presidenta da Coordinadora Galega de ONGD, Gema Filgueira; a propia presidenta do Fondo Galego, Teresa París, e mais unha representante do Concello de Oleiros, Marga Figueroa.

Os fotógrafos coincidiron durante a presentación pública do xurado na necesidade de reflexionar sobre a solidariedade e sobre a repercusión dos nosos actos cotiás nos países do Sur, eixos temáticos do concurso nas categorías xuvenil e adulta, respectivamente. O prazo para participar vén de adiarse ata o vindeiro 15 de novembro e as bases poden consultarse na ligazón www.fondogalego.org/web/imaxes_con_fondo

Figueroa, Puga, Tizón, Filgueira, Daponte e Teresa París.

Nova Directiva da Confederación

A Confederación de Fondos vén de renovar a súa Xunta Directiva. A Asemblea acordou por unanimidade que o Fons Catalá asuma a presidencia, o Fons Valenciá a Vicepresidencia, Euskal Fondoa a Secretaría e o Fondo Andaluz a Tesourería. O Fondo Galego actuará como vogal, canda as demais entidades asociadas.

Fondos destacados

Moolaadé: Dirixida e guionizada polo octoxenario senegalés Ousame Sembene e rodada en Burkina Faso, esta película, con actrices e actores non profesionais, é una ferramenta de denuncia e coñecemento sobre as formas de opresión e control que sufrimos as mulleres, así como a nosa loita e perseverancia para saír dela. Nesta historia catro nenas foxen da ablación e piden protección (moolaadé) a Collé, quen anos antes impedira que á súa filla fose sometida ao ritual.





Galicia Solidaria: O sistema galego de cooperación ao desenvolvemento: Este libro de varias/os autoras/es, coordinado por Xulio Ríos e Carlos Teijo, analiza o sistema galego de cooperación abordando a súa evolución e manifestacións dende a reflexión das/os propias/os protagonistas e a partir de diferentes ópticas: papel institucional da axuda humanitaria, comercio xusto, educación, medios, contexto galego, sistema internacional, acción exterior, marco normativo, etc. Unha obra de referencia no sector.

Socios do Fondo Galego

Concellos: A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Entrimo, Fene, Ferrol, Fornelos de Montes, Gondomar, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Moraña, Mos, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Verea, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove. ***Deputacións***: A Coruña, Lugo.



XUNTA DE GALICIA

cooperaciónGalega

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Redacción e Administración: Illa de San Simón, 36693 Cesantes-Redondela (Pontevedra) Galicia
Tel/Fax: 698 156 127
Internet: http://www.fondogalego.org **email**: info@igadi.org
Tiraxe: 600 exemplares **Depósito Legal**: VG-473-2007